



POMBAL DE SESTOS



No borde do núcleo de Sestos, perfectamente visible dende a estrada e nun contorno agropecuario cercano á Capela de San Amaro, sitúase este pombal que foi restaurado recentemente. A súa importancia radica en que este tipo de construcións tradicionais foron de enorme trascendencia no pasado rural e hoxe practicamente desapareceron.

O pombal de Sestos é unha construción cilíndrica con cuberta cónica e con tella curva e parades de cachotaría. Baixo a cuberta dispóñense os pequenos buratos para a entrada das pombas baixo a cal vemos unha cornixa plana para que se poidan pousar ao entrar ou saír. Esta cornixa é o elemento principal deste tipo de construcións e contribúe a artellar a fachada ademais de constituír un interesante elemento decorativo. Na parte baixa ten grandes vans con linteis formados por perpiaños.

